

BARREIRAS

Ao final da rúa Real estaba Lupe, agardándonos na praza do Berbés. Saudoume cun sorriso, coma sempre, e díxome, coma outras veces, *tes que escribir das barreiras arquitectónicas, hai que sensibilizar*. Alí, no empacho de cemento que é a remodelada Ribeira, amosounos o atranco dos bordos sen rebaixar nas beirarrúas, as barreiras físicas que dificultan a vida das persoas con discapacidades motrices. No noso percorrido cara as Avenidas aínda houbo varias ocasións para que se puxese de manifesto o inhabitable que pode ser unha cidade para unha persoa en cadeira de rodas. Como tantos outros, como ela.

Din que un proverbio chinés aconsella que en vez de quedar na casa laiando polos nosos males, saíamos á rúa a facer algo polos demais. Lupe tiña un ánimo forte que non precisaba de proverbios para poñerse a axudar. Así colaborou nunha reportaxe de prensa, sobre cómo eran para unha persoa de Vigo suxeita a unha cadeira de rodas, cuestións tan comúns como poder sacar cartos dun caixeiro, ou poder coller o barco das Cíes no peirao... Imposibles. E non imposible pero si incómodo era ter que ver unha película forzosamente dende a fila primeira do cinema. E iso que é ben doado que pensen, e constrúan, eses novos cinemas cun acceso a prazas para discapacitados en cadeira de rodas que vaia dar á metade da sala. Imposibles de eliminar non son, pero seguen sendo reais as barreiras físicas. Ela falábanos da pouca complicación de facer unha rampla nos edificios públicos que aínda non a tiñan, ou de ter en conta outras discapacidades físicas e instalar sinais acústicos para cegos nos pasos de peóns.

Todo iso era necesario, pero non só. A Lupe a enfermidade rilláballe aos poucos a mobilidade, soubo de loitar contra as barreiras. Por iso díxome, cun sorriso, que tamén loitase eu escribindo, e a súa mensaxe ficou gardada no corazón.

Contra as barreiras arquitectónicas cabe a intervención física, a demolición, a construción dun acceso. Pero contra as barreiras psíquicas, contra o desinterese polos escollos físicos do día a día dun discapacitado, contra iso só caben actitudes de respecto e solidariedade. Imposibles ou difíciles cando pensando, que como nós nunca imos estar nesa situación, mirar para outro lado e continuar coa nosa indiferenza é a saída perfecta.

Contra esas barreiras mentais, contra os prexuízos, hai que intervir co civismo, sensibilizando na procura dunha cidade habitable, sen barreiras arquitectónicas. Lupe quería que as miñas palabras tentasen derrubar barreiras. Por tantos outros e por ela. Por min mesma e por todos.

Para Lupe Daza, *in memoriam*.